Diario Oficial da Unión Europea, 17-07-2026

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2026/1692 DA COMISIÓN do 13 de xullo de 2026 polo que se concede unha autorización da Unión para a familia de biocidas «ECA Disinfect Product family 5» de conformidade co Regulamento (UE) nº 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello

Diario Oficial da Unión Europea, 15-07-2026

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2026/1737 DA COMISIÓN do 16 de xullo de 2026 polo que se concede unha autorización da Unión para a familia de biocidas «BPF THO TM Desana» de conformidade co Regulamento (UE) nº 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello

Diario Oficial da Unión Europea, 17-07-2026

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Regulamento (UE) 2026/1546 da Comisión, do 8 de xullo de 2026, que modifica os anexos II, III e V do Regulamento (CE) n.º 396/2005 do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta aos límites máximos de residuos relativos ao benomilo, á carbendazima e ao tiofanato-metilo en determinados produtos

Diario Oficial da Unión Europea, 09-07-2026

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

CONVOCATORIAS

AXUDAS E SUBVENCIONS

Estatal

Orde TED/569/2026, do 4 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de incentivos a proxectos singulares innovadores de aforro e eficiencia enerxética (Programa Innovae).

Boletín Oficial del Estado, 06-06-2026, Núm. 138, Páx. 78003

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Destinatarios: Consultar o Artigo 5. Beneficiarios.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras para a selección e concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, correspondentes ao programa de proxectos singulares innovadores de aforro e eficiencia enerxética, no marco do sistema nacional de obrigacións de eficiencia enerxética, en cuxo ámbito actúa o IDAE como xestor do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética.

Convoca: 61/10000 Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: Establecerase na correspondente convocatoria.

Orde TED/613/2026, do 17 de xuño, pola que se modifican a Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro, e a Orde TED/1381/2023, do 21 de decembro, polas que se regulan as bases para a concesión de axudas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Boletín Oficial del Estado, 18-06-2026, Núm. 148, Páx. 84813

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Destinatarios: Consultar as bases das convocatorias correspondentes (Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro, e a Orde TED/1381/2023, do 21 de decembro).

Obxecto: Consultar as bases das convocatorias correspondentes (Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro, e a Orde TED/1381/2023, do 21 de decembro).

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: Consultar as bases das convocatorias correspondentes.

Galicia

ORDE do 14 de xullo de 2026 pola que se abre un novo prazo de presentación de solicitudes na convocatoria regulada pola Orde do 2 de xuño de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras dos Premios EMAS de sostibilidade empresarial de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT976C).

Diario Oficial de Galicia, 20 de xullo de 2026, Núm. 134, Páx. 40019

Organismo: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Destinatarios: Consultar Orde do 2 de xuño de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras

Obxecto: Consultar Orde do 2 de xuño de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras

Prazo: Aberto ata o 1 de setembro de 2026

ORDE do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais.

CONVOCATORIAS

cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486F).

Diario Oficial de Galicia, 15-06-2026, Núm. 110, Páx. 34191

Organismo: CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios desta subvención aqueles concellos de Galicia que reúnan os seguintes requisitos: a) Ter unha poboación igual ou inferior a 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística. b) Ter remitida a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2024 ao Consello de Contas. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais.

Convoca: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Prazo: Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG

ORDE do 30 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola e se fixa unha segunda convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento MT808A).

Diario Oficial de Galicia, 13 de xullo de 2026, Núm. 129, Páx. 39024

Organismo: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Destinatarios: Persoas xurídicas que teñan o nomeamento de entidade colaboradora de pesca continental, de conformidade co disposto na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Este nomeamento deberá estar en vigor tanto no momento de presentar a solicitude de axuda como no momento do pagamento desta.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas destinadas a actividades e investimentos de fomento da riqueza piscícola (código de procedemento MT808A).

Prazo: Un mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2026 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2029 en réxime de concorrència non competitiva (códigos de procedemento IG300J (liña 1)_ IG300K (liña 2)_ IG300L (liña 3)).

Diario Oficial de Galicia, 21-07-2026, Núm. 135, Páx. 40316

Organismo: CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Destinatarios: Consultar Artigo 4. Persoas beneficiarias

Obxecto: O obxecto destas axudas é apoiar a industria da automoción galega, mediante apoios en tres tipoloxías ou liñas de proxecto de actuación: desenvolvemento tecnolóxico e innovación de procesos ou organización, protección do ambiente incluída a descarbonización e proxectos agrupados de transformación e/ou modernización produtiva.

Prazo: Rematará o 30 de setembro de 2026 ás 14.00 horas, agás que antes desa data se produza o esgotamento do crédito.

CONVOCATORIAS

RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se lle dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da primeira convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para fomentar a sustentabilidade dos establecementos expendedores de comidas e bebidas no litoral de Galicia, e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2026 (código de procedemento MT975Z).

Diario Oficial de Galicia, 15-07-2026, Núm. 13115, Páx. 39514

Organismo: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Destinatarios: Consultar a Orde do 21 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro), pola que se establecen as bases reguladoras

Obxecto: Consultar a Orde do 21 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro), pola que se establecen as bases reguladoras

Prazo: Consultar bases

Internacional

Procura de empresa española para colaborar con Senegal en tecnoloxías de tratamento de augas

Destinatarios: Consultar bases

Obxecto: A proposta céntrase en abordar varios retos identificados na planta de tratamento de Fatick mediante o desenvolvemento e validación de tecnoloxías que poidan ser posteriormente escaladas. Entre eles destaca a elevada mineralización da auga, asociada a fenómenos de intrusión mariña e evaporación, que se traduce en altos niveis de salinidade.

Convoca: CDTI

Prazo: Aberta durante todo o ano

Local

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026 - Deputación de Ourense

BOP Ourense, 09-06-2026, Núm. 107, Páx. 3

Organismo: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Destinatarios: Consultar a base Segunda. Beneficiarios

Obxecto: Sufragar os gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, no exercicio 2026.

Convoca: Deputación de Ourense

Prazo: Rematará o 30 de setembro de 2026

Unión europea

Circular Bio-based Europe (CBE JU) - Convocatoria 2026

Destinatarios: Consultar convocatoria

CONVOCATORIAS

Obxecto: O programa de traballo de 2026 presenta 13 temas que abarcan desde biorrefinerías industriais emblemáticas ata accións de investigación que fortalecen a diversificación de materias primas, o deseño circular, a ampliación da produción biotecnolóxica e a súa adopción no mercado.

Convoca: CBE JU

Prazo: Ata o 22/09/2026

EMPREGO PÚBLICO

Galicia

RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2026 pola que se lle dá publicidade á convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación no Centro de Investigacións Mariñas (dous efectivos).

Destinatarios: Consultar as bases da convocatoria.

Obxecto: A selección e contratación pola Consellería do Mar para a cobertura de dous postos de persoal investigador predoutoral en formación, de persoas tituladas do grao superior universitario (grupo I) en Ciencias Biolóxicas (categoría 10), en Ciencias do Mar (categoría 39) ou equivalente, e cun mestrado en Oceanografía e Xestión do Medio Mariño, en Acuicultura ou equivalente, para desenvolver a súa etapa predoutoral no Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (Cima) de Corón (Vilanova de Arousa).

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

Local

Ampliación da convocatoria para a provisión de 3 postos de operario/a-condutor/a do vehículo motobomba - Concello de Monterroso

Destinatarios: Consultar as bases da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Obxecto: A selección de tres postos de operarios-condutores do vehículo motobomba para a contratación como persoal laboral temporal.

Convoca: Concello de Monterroso

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria de proceso selectivo para brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais - Concello da Veiga

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e na sede electrónica <https://aveiga.sedelectronica.gal>

Obxecto: Convocatoria urxente para o proceso selectivo mediante concurso de méritos de 4 peóns/peoas de brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais e 1 xefe/a de brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais. (Campaña 2026)

Convoca: Concello da Veiga

Prazo: Sete días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria de proceso selectivo para conductores/as-operarios/as de vehículo motobomba para defensa contra os incendios forestais - Concello da Veiga

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e na sede electrónica <https://aveiga.sedelectronica.gal>

CONVOCATORIAS

Obxecto: Convocatoria urgente para o proceso selectivo mediante concurso de méritos de 3 conductores/as-operarios/as de vehículo motobomba para defensa contra os incendios forestais. (Campaña 2026)

Convoca: Concello da Veiga

Prazo: Sete días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria de selección de persoal para a provisión dos seguintes postos de traballo: dous/dúas xefes/as de brigada, dous/dúas peóns/peoas-condutores/as e seis peóns/peoas forestais - Concello de Baltar

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica: <https://baltar.sedelectronica.gal>;

Obxecto: Seleccionar, mediante o sistema de concurso oposición, e contratar temporalmente a dous/dúas xefes/as de brigada, dous/dúas peóns/peoas-condutores/as e seis peóns/peoas forestais.

Convoca: Concello de Baltar

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria e bases para a contratación de 7 prazas para a brigada de prevención e defensa contra incendios e mantemento operativo de vehículo motobomba 2026 - Concello de Baralla

Destinatarios: Consultar as bases da convocatoria na sede electrónica do Concello (<https://baralla.sedelectronica.es>) e no taboleiro de edictos do Concello de Baralla.

Obxecto: A selección e posterior contratación para a formación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios e mantemento operativo de vehículo motobomba:- 1 xefe de brigada- 1 peón-conductor- 3 peóns de brigada- 2 condutores de motobomba

Convoca: Concello de Baralla

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria e bases para a provisión de 1 praza de técnico/a-xefe/a para a brigada de incendios - Concello de Xove

Destinatarios: Consultar as bases publicadas.

Obxecto: Convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de técnico/a-xefe da brigada de incendios que debe estar operativa durante 3 meses.

Convoca: Concello de Xove

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Convocatoria e bases para a selección da brigada de prevención e defensa contra incendios 2026: 1 xefe/a de brigada, 1 peón/peoa condutor/a, 3 peóns/peoas e 3 condutores/as para o vehículo motobomba - Concello de Mondoñedo

Destinatarios: Consultar as bases da convocatoria.

Obxecto: A selección e posterior contratación dun emprego de xefe de brigada, un emprego de peón condutor, tres empregos de peón para a brigada de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais e tres empregos de condutor/a de vehículo motobomba mediante contratacións de carácter laboral temporal a tempo completo.

Convoca: Concello de Mondoñedo

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria para a contratación laboral de 4 peóns/peoas de brigada de

CONVOCATORIAS

prevención e defensa-extinción contra incendios forestais (3 peóns/peoas de brigada e 1 peón/peoa condutor/a) e 1 xefe/a de brigada de prevención e defensa-extinción contra incendios forestais - Concello de Vilar de Santos

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.vilardesantos.gal

Obxecto: Seleccionar, mediante o sistema concurso de méritos, e contratar temporalmente a 3 peóns/peoas de brigada e 1 peón/peoa condutor/a e 1 xefe/a de brigada de prevención e defensa-extinción contra incendios forestais.

Convoca: Concello de Vilar de Santos

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria para a contratación laboral temporal de 1 brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais (1 xefe/a de brigada, 1 condutor/a e 3 peóns/peoas) - Concello de Sarreaus

Destinatarios: Consultar as bases no Concello de Sarreaus en horario de oficina e na sede electrónica: <http://concellosarreaus.sedelectronica.gal/>

Obxecto: Seleccionar, mediante o sistema de concurso oposición, e contratar temporalmente 1 brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais (1 xefe/a de brigada, 1 condutor/a e 3 peóns/peoas).

Convoca: Concello de Sarreaus

Prazo: Cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria selección condutores motobomba - Concello de Dozón

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Dozón na seguinte dirección <http://dozon.sedelectronica.gal>.

Obxecto: A selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais por un período de tres meses:— Tres condutores de vehículo motobomba.

Convoca: Concello de Dozón

Prazo: Cinco días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do presente anuncio.

PREMIOS

Galicia

ORDE do 2 de xuño de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras dos Premios EMAS de sostibilidade empresarial de Galicia e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT976C).

Diario Oficial de Galicia, 11-06-2026, Núm. 108, Páx. 33636

Organismo: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Destinatarios: As entidades públicas ou privadas que na data de publicación da convocatoria estean inscritas no rexistro galego de centros adheridos ao Sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), cunha antigüidade mínima ininterrompida de tres anos no dito rexistro e que se atopen ao día na presentación das correspondentes declaracións ambientais.

Obxecto: Aprobar as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrência competitiva, os Premios EMAS de sostibilidade empresarial de Galicia 2026

Convoca: Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

Prazo: Un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ACTIVIDADES

CONGRESOS

Internacional

IV Congreso Internacional sobre Sostibilidade no Marco da Educación Superior (CISMES26)

Contido: Promover o desenvolvemento sostible no ámbito universitario, con especial atención aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030. Baixo o lema “Investigar, Innovar e Transferir: Universidade fronte ao reto da Sustentabilidade”, esta edición reúne a especialistas, investigadores, docentes e estudantes interesados en impulsar iniciativas sostibles desde a educación superior.

Organizador: Universitat de València

Data de inicio: 14-07-2026

Data de fin: 15-07-2026

CURSOS

Estatal

Curso de verán UNED: Xeografía e conservación da natureza desde o territorio

Contido: Ante a situación de Cambio Global que está a sufrir o planeta son necesarias novas estratexias para conservar os territorios, que desde a xeografía e a interpretación do territorio teñen un papel fundamental. O curso ofrece unha aproximación interdisciplinar aos procesos de conservación ambiental, poñendo no centro o papel do territorio como espazo vivido, xestionado e interpretado.

Organizador: UNED

Data de inicio: 22-07-2026

Data de fin: 24-07-2026

Galicia

Desmaterialización, decrecemento e transición enerxética: claves a partir da triple análise social/económica e enerxético-ambiental (4ª edición)

Contido: Os principais obxectivos do curso son estudar os diferentes significados que se asocian á idea de progreso e prosperidade en particular asociados ao desenvolvemento das enerxías renovables, nomeadamente, á eólica mariña, en España e Galicia de cara ao horizonte 2030. Ademais, analizar as políticas socioeconómicas que procuran o progreso e a prosperidade na transición enerxética, en particular na enerxía eólica mariña, estudar o impacto material desta enerxía na realidade enerxética actual, identificar os principais problemas que o modelo eólico actual presenta, desde o ámbito social, económico, ambiental, legal, técnico, administrativo etc, propor solucións aos problemas sinalados para acadar un modelo de desenvolvemento eólico integral e inclusivo, dar voz e visibilidade a todos os axentes implicados nun modelo eólico sostible, en particular ao sector da pesca tan relevante en Galicia.

Organizador: USC

Data de inicio: 01-09-2026

Data de fin: 04-09-2026

OUTRAS ACTIVIDADES

Estatal

Simposio de AEPECT (Asociación Española da ensinanza das Ciencias da Terra)

Contido: Abordaranse temáticas de actualidade centradas nos riscos xeolóxicos ligados a procesos naturais, na

ACTIVIDADES

capacidade da Xeoloxía para entender procesos adaptativos e mitigadores do cambio climático ou como a divulgación e a interpretación da xeoloxía pode ser unha gran ferramenta cidadá para a prevención das consecuencias socioeconómicas e ambientais das catástrofes naturais.

Organizador: Asociación Española da ensinanza das Ciencias da Terra, Universidade de Almería, Natures

Data de inicio: 06-07-2026

Data de fin: 11-07-2026

VII Encontro Estatal de Equipamentos de Educación Ambiental

Contido: O obxectivo principal destes encontros periódicos é manter o foro de intercambio de experiencias entre os profesionais vinculados con equipamentos público ou privados, que traballamos por e para a educación ambiental e presentar os avances do grupo de traballo permanente e da Rede Estatal de Equipamentos de Educación Ambiental (REDEEA). Nesta edición van expor mesas de traballo sobre plans de formación para equipamentos, a saúde e o benestar humano e como afrontar os novos retos eco-sociais desde estes centros. Tamén se debaterá sobre as novas categorías dos equipamentos. Entre as actividades do encontro poderemos gozar de visitas guiadas a equipamentos de Vitoria e o seu cinto verde.

Lugar: Vitoria Gasteiz

Organizador: CENEAM e REDEEA

Data de inicio: 30-09-2026

Data de fin: 02-10-2026

Galicia

Actividades de ADEGA - Eu Quero Razo-Baldaio 2026

Contido: O Concello de Carballo lanza un ano máis o programa de actividades "Eu quero Razo - Baldaio", que pretende crear hábitos de turismo consciente no litoral carballés a través de diversidade de accións de voluntariado desenvolvidas polo propio concello e por varias entidades, entre elas, ADEGA. Tanto o concello como as asociacións colaboradoras buscamos con este programa a valorización da contorna co obxectivo de que canto máis se coñeza, máis se respecte.

Organizador: Concello de Carballo, colabora ADEGA

Data de inicio: 04-07-2026

Data de fin: 05-09-2026

Programa de voluntariado ambiental interxeracional- VAI 2026

Contido: A Xunta de Galicia ten aberto o prazo para inscribirse no Programa de Voluntariado Ambiental Interxeracional 2026 en 19 espazos naturais da Comunidade. Esta iniciativa gratuíta ofrece un completo programa de actividades que impulsan o respecto e o coidado por un dos grandes tesouros de Galicia, o seu patrimonio natural.

Organizador: Consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Data de inicio: 13-03-2026

Data de fin: 13-09-2026

XIX Limpeza Simultánea de Ríos

Contido: Esta actividade busca concienciar a sociedade sobre a importancia de manter os nosos ríos libres de lixo, unha condición imprescindible para garantir a súa saúde e preservar a súa biodiversidade.

Organizador: Proxecto Ríos

Data de inicio: 04-10-2026

Data de fin: 04-10-2026

Internacional

ACTIVIDADES

EMSEA Annual Conference 2026

Contido: O programa da conferencia estrutúrase en varias temáticas que reflicten os desafíos e oportunidades actuais no ámbito da alfabetización oceánica. Unha delas céntrase no papel das redes, analizando como estas facilitan a conexión entre educadores, científicos, responsables políticos, ONG, industria e comunidades.

Organizador: Asociación EMSEA, Institut de Ciències del Mar, UBMON e Plàncton Divulgació i Serveis Marins

Data de inicio: 30-09-2026

Data de fin: 02-10-2026

LIFE at Adaptation & Nature Forum 2026

Contido: O Foro de Adaptación e Natureza é un evento anual clave dedicado ás solucións baseadas na natureza (SBN) para a adaptación ao cambio climático.

Organizador: LIFE ARTISAN

Data de inicio: 07-07-2026

Data de fin: 08-07-2026

UN Global Compact Leaders Summit 2026

Contido: Examinar como o sector privado pode escalar a súa contribución ao avance dos ODS e explorar como as organizacións poden avanzar máis rápido cara a un futuro responsable. As sesións inclúen: -Cadeas de subministración sostibles. -Reducir a brecha entre o goberno e as empresas para acadar os obxectivos climáticos globais. -Innovación nos mercados financeiros. -O futuro da gobernanza é transformador. -Investimentos corporativos para a ambición climática. -Innovar para impactar: solucións transformadoras para os ODS.

Organizador: UN Global Compact

Data de inicio: 22-09-2026

Data de fin: 23-09-2026

UNESCO Chair in "Higher Education for Sustainable Development"

Contido: Desde 2005, a Universidade Leuphana ostenta a Cátedra UNESCO de Educación Superior para o Desenvolvemento Sostible (ESDS). Esta Cátedra funciona como un centro global ao que líderes e comunidades acoden en busca de orientación e apoio para integrar a sustentabilidade no núcleo da educación. O propósito da Cátedra UNESCO de ESDS é apoiar as institucións educativas para que se transformen en espazos onde a sustentabilidade se viva e apréndase. A Cátedra alberga unha comunidade de académicos de diversas procedencias que experimentan co potencial transformador da educación para potenciar a nosa capacidade colectiva de imaxinar e traballar por un futuro seguro e xusto.

Lugar: Online

Organizador: UNESCO

Data de inicio: 24-08-2026

Outras CCAA

Bienal Climática: arte, industria e territorio

Contido: A Bienal Climática é un espazo de encontro aberto á cidadanía. Un lugar onde persoas e organizacións de perfís moi distintos reúnen para reflexionar, conversar, imaxinar e debater sobre os grandes retos do noso tempo. A través da arte, a cultura e a natureza, a bienal convídanos a reflexionar sobre cuestións que nos afectan a todos: a industria e o emprego do futuro, a relación entre o mundo rural e o mundo urbano, ou como fortalecer a convivencia democrática.

Lugar: Avilés (Asturias)

Organizador: Fundación Biodiversidad

Data de fin: 20-09-2026

ACTIVIDADES

Unión europea

LIFE at SERE2026: European Conference on Ecological Restoration

Contido: A XV Conferencia Europea sobre Restauración Ecolóxica (SERE2026) reunirá a expertos da investigación, a política e a práctica do 24 ao 28 de agosto. O programa LIFE contará cunha caseta e unha sesión centrada nos factores de éxito dos proxectos LIFE de restauración da natureza de alto impacto.

Organizador: Programa LIFE

Data de inicio: 24-08-2026

Data de fin: 28-08-2026



BIBLIOGRAFÍA

RECURSOS AUDIOVISUALES

A Iberia verde

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Acordo da Comisión de Coordinación en materia de residuos relativo á Guía informativa sobre o procedemento para a declaración de subproductos - MITECO

Boletín de Verán 2026 do Comité Español da UICN

Boletín de novidades bibliográficas maio-xuño 2026 da Biblioteca do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible

Boletín de novidades bibliográficas marzo-abril 2026 da Biblioteca do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible

Boletíns de novidades bibliográficas (abril-xuño) - Biblioteca do Ministerio de Industria e Turismo

Boletíns de sumarios (abril-xuño) - Biblioteca do Ministerio de Industria e Turismo

COMUNICACIÓN DA COMISIÓN - Documento de orientación para o Regulamento (UE) 2025/40, sobre os envases e residuos de envases (C/2026/3084). DOUE

Datos meteorolóxicos 2025 Raios - MeteoGalicia

Entender para conservar: a investigación nos parques nacionais. N.º 72 do Boletín da Rede de Parques Nacionais

Guía Orientadora Educación Ambiental para a Prevención de Incendios Forestais

Novidades Bibliográficas Maio 2026 - CEIDA

Novidades bibliográficas Maio CENEAM 2026

O sector eléctrico español en números. Informe 2025. Fundación Naturgy

O sector español do gas en números. Informe 2025. Fundación Naturgy

Resumo do Informe Climatolóxico Primavera 2026 - MeteoGalicia

Resumo do Informe climatolóxico de Maio 2026 - MeteoGalicia

Solucións fronte aos microplásticos - RECIDA/CONAMA

AVALIACIÓNS

Está a súa disposición co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o documento ambiental estratéxico e o borrador do seguinte plan: Procedemento: avaliación ambiental estratéxica simplificada. Nome do plan: Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dun centro deportivo en solo rústico, Concello de Baralla. Promotor: Leticia Gutierrez González. Órgano substantivo: Concello de Baralla. Expediente: 2026AAE309. O prazo para esta consulta está aberto dende o día 20.7.2026 ata o día 31.8.2026.

Data de inicio: 20-07-2026

Data de fin: 31-08-2026

